



DATOS IDENTIFICATIVOS

Galego: Os sons da lingua

Materia	Galego: Os sons da lingua			
Código	V01G430V01304			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinator/a	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Profesorado	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Correo-e	xsalgado@uvigo.es			
Web	http://http://fft.uvigo.es/es/docencia/profesorado/xose-antonio-fernandez-salgado/			
Descrición xeral	Pártese da delimitación e caracterización das disciplinas que estudan os sons e da súa representación, e abórdase logo a descrición do sistema vocálico galego, tónico e átono, o sistema consonántico e a sílaba, ditongos e hiatos, para rematar no nivel suprasegmental con todo o referido á prosodia. Dedicase especial atención á mellora da fonética e da prosodia do alumnado, alí onde son máis apreciadas as interferencias do castelán, coa proposta de actividades de carácter oral. Tamén se atende ó modelo fónico estándar e a procesos concretos de variación e cambio fonéticos que se dan no galego, xa sexa por razóns xeográficas, sociais ou situacionais.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan acceder ao estudantado ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B4	Capacidade de comunicación oral e escrita en español, galego e en outras dous linguas do ámbito europeo.
B6	Capacidade de apreciar outras culturas e competencia para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
B9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
B10	Capacidade para desenvolver un proceso de comunicación sólido, responsable e ético.
C10	Coñecemento da norma e o uso discursivo das linguas do grao e capacidade para aplicar de maneira crítica eses coñecementos na actividade profesional.
C13	Capacidade para comunicarse nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia.
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Delimitar as disciplinas fonética e fonolóxica e coñecer a súa aplicación en distintos campos e actividades.	A2 A5	B2 B7 B9		
Describir os sistemas vocálico e consonántico do galego, aplicando os conceptos, técnicas e métodos propios da análise fónica, así como transmitir o seu resultado tanto oralmente como por escrito.	A1 A4	B1 B2 B4 B7 B10	C13	D2
Revisar e dominar os trazos fónicos e prosódicos máis caracterizadores do galego tradicional e contrastalos co doutras variedades e/ou linguas próximas.	A4	B2 B4 B6 B8 B10	C10	D1 D2
Analizar procesos concretos de variación e cambios fónicos que se dan no galego, xa sexa por razóns xeográficas, sociais ou contextuais.	A1	B1 B6 B7 B8 B10	C10 C13	D1 D2
Valorar as principais fontes bibliográficas, dixitais ou non, para o estudo da fonética e prosodia do galego oral.	A1 A5	B9	C10 C13	

Contidos

Tema	
Sons, fonemas e grafías, e a súa representación en galego	-Análise dos sons: fonética e fonoloxía. Fonética articulatória, acústica e perceptiva. -O aparello fonador e a produción dos sons. Descrición articulatória. Transcrición dos sons: os alfabetos fonéticos. -O sistema fonolóxico: delimitación e descrición dos sons funcionais do galego. -Os laboratorios de fonética e a súa aplicación.
Os modelos fónicos do galego	-Galego tradicional vs. novas variedades urbanas do galego. O estándar fónico. -Materiais para o estudo e definición dun modelo fónico do galego: dicionarios de pronuncia, atlas lingüísticos, corpus orais, programas de radio e TV, conversores de texto voz etc.
O sistema vocálico	-Unidades fonolóxicas e a súas realizacións nas posicións tónica e átona. -Principais fenómenos e procesos de variación das vogais (modificación, supresión e adición).
O sistema consonántico	-Unidades fonolóxicas e as súas realizacións. -Principais fenómenos de variación nas oclusivas (grupos cultos, gheada), sibilantes (seseo, rotacismo, aspiración, despalatalización, palatalización), nasais (a nasal velar), laterais (deslateralización, velarización) e vibrantes (metáteses).
A sílaba. Ditongos e hiatos.	-Concepto, estrutura e tipos de sílaba máis frecuentes en galego. -Ditongos, tritongos e hiatos. Definición e caracterización.
A prosodia do galego	-Fonética sintáctica: encontros dos sons na cadea fónica. Principais fenómenos: elisións, contraccións, epénteses, coarticulacións. -Os patróns melódicos das distintas variedades do galego.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	19	22	41
Resolución de problemas	25	40	65
Actividades introdutorias	2	2	4
Exame de preguntas obxectivas	2	10	12
Exame oral	2	4	6
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Son as horas que o docente dedica a expoñer contidos da materia e as directrices e bases teóricas dos traballos, exercicios, comentarios e transcricións fonéticas que deberá facer o alumnado. Recoméndase que cando o profesor facilite por adiantado fotocopias ou outro material o alumnado traia previamente traballado ese material. As exposicións do profesor serán subidas maioritariamente á plataforma de ensino virtual MOOVI.
Resolución de problemas	O docente proporá actividades en que se formulan problemas e /ou exercicios relacionados con contidos da materia, que complementan as leccións maxistrais. Préstase especial atención á transcrición e comentario fonéticos de textos de diferente tipo e rexistro así como á práctica fónica. Naqueles casos en que o profesor entregue previamente os exercicios, recoméndase que o/a alumno/a os traia traballados. O profesor dará indicación daqueles que son avaliábeis. Estas actividades estarán dispoñibles no MOOVI.
Actividades introdutorias	Son actividades e explicacións que se realizan o primeiro día da clase, encamiñadas a expoñer os obxectivos e presentar os contidos e principais tarefas do curso así como a bibliografía da materia. Especificamente pídesse ó alumnado a familiarización o antes posible cos símbolos fonéticos do AFI, dos cales se reparte material de estudo ese día.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Existe a posibilidade da gravación en vídeo das clases maxistrais, e tamén das prácticas, a través do Campus remoto.
Resolución de problemas	O docente terá titorías individualizadas ou en pequeno grupo cando así o requira o alumnado en canto ás directrices que debe seguir na resolución de traballos, actividades ou comentarios dos erros cometidos nas prácticas que se manden entregar como parte da avaliación.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Lección maxistral	Valórase a asistencia ás clases maxistrais, sempre que a presencialidade sexa máis do 80%, así como a participación activa nelas con intervencións e comentarios.	5	A1 B1 A5 B8 B9	C13 D2
Resolución de problemas	Durante o curso, o docente especificará que actividades prácticas das propostas son avaliábeis. Especificamente, o alumnado deberá entregar nas datas indicadas a transcrición fonética estreita de 4 textos propostos polo docente e, obrigatoriamente, o resumo crítico de tres artigos (antes do último día de clase) que se indicarán na bibliografía que se comentará o primeiro día de clase. Un deses artigos deberá ser exposto oralmente na aula, que se evaluará xunto ó "Exame oral". Tamén se valorará a participación activa na resolución das outras actividades.	30	A2 B2 A4 B4 B6 B7 B9	C10 D1 D2
Exame de preguntas obxectivas	Realizarase unha proba escrita de resposta curta a mediados do cuadrimestre sobre os contidos teórico-prácticos da primeira parte da materia. Haberá que aprobar este exame para superar a materia.	15	A1 B1 A2 B7	C10 D2
Exame oral	Constará de dúas partes. 1) Proba oral na que, a partir dun exame guía que facilitará o profesor, o alumnado terá que demostrar o dominio articulatorio e perceptivo dos sons do galego. 2) Exposición oral (8-10 minutos) do contido dun artigo da bibliografía da materia, na que se avalía a soltura de exposición en lingua galega, a corrección gramatical e léxica e, especialmente, o dominio dos trazos fónicos e prosódicos definidores do galego. Estas probas poderán ser presenciais ou entregadas nun formato dixital de vídeo ou audio. Realizaranse na última semana de clase. Para aprobar a materia é necesario obter máis dun 5 (sobre 10) nesta parte.	10	B8 B10	C10 D1 C13 D2
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizarase unha proba escrita na última semana de clase sobre os contidos teórico-prácticos da materia, que deberá ser aprobado para superar a materia. Existe a posibilidade de substituír este "Exame de desenvolvemento" por un "Traballo tutelado obrigatorio", que versará sobre a transcrición e comentario fonéticos dun texto oral do galego. Daranse máis explicacións o primeiro día de clase. Este traballo obrigatorio entregaríase o último día de clase.	40	A4 B1 A5 B2 B4 B6 B8 B10	C10 D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dous sistemas de avaliación da materia:

a) **Avaliación continua**, para o alumnado que asista regularmente ás clases, e realice e entregue as tarefas de avaliación indicadas polo profesor en tempo e forma. É obrigatorio entregar os tres resumos de bibliografía antes do último día de clase, se non, non se poderá realizar o "Exame de preguntas de desenvolvemento". A puntuación final da materia obterase da suma das porcentaxes das puntuacións expresadas arriba. En todo caso, o/a alumno/a deberá ter aprobado os apartados de "Exame de preguntas obxectivas" (que se realizará a mediados do cuadrimestre), "Exame de preguntas de desenvolvemento" e "Exame oral" (que se realizarán ambos na última semana da clase). De non superar a materia na **convocatoria de maio**, o alumnado deberá repetir os "Exames" non superados na **convocatoria de xuño**. No caso de que o/a alumno/a renuncie á avaliación continua ou incumpra as condicións esixidas para a avaliación continua pasará a ser avaliado polo sistema de "Avaliación única".

b) **Avaliación única**. O alumnado que non opte polo sistema de "Avaliación continua", para superar a materia na convocatoria de **maio** deberá entregar obrigatoriamente un "**Traballo titorado**" (20% da nota final) o día do exame escrito final e examinarse sobre todos os contidos da materia nun "**Exame escrito final único**" (70%), que se celebrará na data que dispoña o calendario oficial de exames da Facultade; ese mesmo día farase tamén un exame oral (10% da nota), que consistirá na exposición oral dos contidos dun artigo da bibliografía da materia. De non superar a materia en maio, o alumnado deberá repetir as partes suspensas na **convocatoria de xuño**, na data que dispoña o calendario oficial de exames da Facultade. O/A alumno/a deberá superar obrigatoriamente o exame oral para aprobar a materia. O "Traballo titorado" consistirá na gravación, transcripción e comentario dun texto do galego oral. Haberá que poñerse en contacto co profesor para máis detalles deste traballo. Os/as alumnos/as que opten por este sistema poderán asistir ás aulas e ser atendidos nas titorías cando o solicitaren.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez, R. & Xove, X., "**Sons e grafía**", en **Gramática da lingua galega**, 23-47, 1ª, Galaxia, 2002

Celdrán Martínez, E., **Introducción á fonética. O son na comunicación humana**, 1ª, Galaxia, 2002

Freixeiro Mato, X. R., **Gramática da lingua galega. I. Fonética e fonoloxía**, 2ª, A Nosa Terra, 2006

Fernández Salgado, X.A., **Manual de fonética e fonoloxía do galego. Apuntamentos da materia**, Edición do autor, 2023

Regueira, X. L., "**Cambios fonéticos e fonolóxicos no galego contemporáneo**", en **Estudios de Lingüística Galega**, nº 1, 147-167, 2008

Regueira, X.L., "**Introdución**", en **Diccionario de pronuncia da lingua galega**, 1-23, ILG, 2010

Bibliografía Complementaria

Fernández Rei, E. & Regueira, X.L., "**Situando o galego no terreo da investigación lingüística**": os traballos de **fonética e fonoloxía**, en **Labor Histórico**, nº 3, 1, 93-110, 2017

Gondar, M. / CILL-RP, **BILEGA. Bibliografía informatizada da lingua galega**,

Halvor Clegg, J. & Fails, W C., **Manual de fonética y fonología españolas**, Routledge, 2018

Halvor Clegg, J & Fails, W.C., **Manual de fonética e fonología da lingua portuguesa**, Routledge, 2022

Regueira, X.L., **Variación fonética, a lingua da esfera pública e estándar oral: entre a lingüística e a política**, en **Revista Galega de Filoloxía**, nº 20, 119-147, 2019

Recomendacións

Outros comentarios

-Para poder seguir a materia cómpre ter un coñecemento activo elevado do galego oral, polo menos un B2.

-A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

-Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

-É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MOOVI (novidades, documentos, cualificacións etc.) e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización de probas.

-O primeiro día de clase, o profesor proporcionará unha bibliografía básica de traballos sobre fonética galega, dos cales os estudantes poderán elixir algúns para o seu resumo como alternativa ós indicados polo profesor.
